



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
SECRETARÍA (CONTRATACIÓN)
PONTEVEDRA

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

*Dende esta Alcaldía faise a seguinte Proposta para que, previamente fiscalizada pola Intervención municipal, sexa aprobada, se procede, pola Xunta de Goberno Local. É relativa á adxudicación do contrato do **SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVIZO DUN XESTOR DE ANCHO DE BANDA, ASÍ COMO A RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CPD MUNICIPAL PARA SUSTENTAR A MODERNIZACIÓN A TRAVÉS DAS TIC** (DOUS LOTES).*

-Visto o expediente de contratación tramitado polo procedemento aberto do **“SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVIZO DUN XESTOR DE ANCHO DE BANDA, ASÍ COMO A RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CPD MUNICIPAL PARA SUSTENTAR A MODERNIZACIÓN A TRAVÉS DAS TIC” (DOUS LOTES)**.

-Visto que só presentou oferta a empresa INFORHOUSE S.L.

-Vistas as actas das reunións da Mesa de Contratación que tiveron lugar os días 31 de xaneiro e concretamente a do 6 de febreiro de 2019 na que se produxo a valoración das ofertas e, a conseqüente Proposta de Adxudicación tanto do LOTE 1 como do LOTE 2.

-Visto que a empresa se atopa inscrita no Rexistro de Contratistas de Galicia.

-Visto que presenta o xustificante de estar en posesión da certificación ISO 9.001, segundo se establecía no artigo 12.2 c) do PCAP.

-Visto que, presenta unha póliza de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 250.000 euros, e certificado acreditativo pola entidade aseguradora de que se atopa ao corrente dos pagamentos, así como os xustificantes de ter constituídas na Tesourería do Concello as correspondentes garantías definitivas polo 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, tanto do LOTE 1 como do LOTE 2.

-Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da lei 9/2017 de Contratos do Sector Público (LCSP) e Decreto de delegación desta Alcaldía nº 682 de data 15 de xuño de 2015.

PROPOÑO:

1º.-Adxudicar o **“LOTE 1.-SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVIZO DE UN XESTOR DE ANCHO DE BANDA”** do contrato do **“SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVIZO DUN XESTOR DE ANCHO DE BANDA, ASÍ COMO A RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CPD MUNICIPAL PARA SUSTENTAR A MODERNIZACIÓN A TRAVÉS DAS TIC”** cofinanciado ao 80% con cargo aos Fondos FEDER, dentro da Estratexia AESS 2020, á empresa INFORHOUSE S.L., con CIF B36112803, por un importe de 84.639,50 euros (IVE incluído).

De conformidade coa súa oferta o período de dispoñibilidade de repostos será de 7 anos, e o tempo máximo de reparación será de 12 horas.

2º.-Adxudicar o **“LOTE 2.-SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVIZO DA RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CPD MUNICIPAL”**, do contrato do **SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E POSTA EN SERVIZO DUN XESTOR DE ANCHO DE BANDA, ASÍ COMO A RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO CPD MUNICIPAL PARA SUSTENTAR A MODERNIZACIÓN A TRAVÉS DAS TIC** cofinanciado ao 80% con cargo aos Fondos FEDER, dentro da Estratexia AESS 2020, á empresa INFORHOUSE S.L., con CIF B36112803, por un importe de 128.139,00 euros (IVE incluído).

A pesares de que na documentación presentada o licitador oferta 16 núcleos dos procesadores en cada un dos servidores ofertados, segundo o informe técnico emitido ao efecto, recoméndase limitar esta mellora a 10 núcleos debido as seguintes razóns:

- Analizados os requirimentos actuais de CPU e tendo en conta a escalabilidade dos servidores a capacidade de procesamento considerase suficientemente cuberta con 10 núcleos por procesador.
- O prezo de mantemento dos servidores e directamente proporcional ó número de núcleos que posúen os procesadores, prezo que se incrementa considerablemente por cada núcleo a maiores que se dispoña. Tendo en conta que a vida útil dun CPD pode estar en torno aos 10 anos e que a partir do quinto ano o concello debera asumir estes custes de mantemento considerase apropiado limitar o numero de núcleos a 10.
- O prezo das licenzas software e directamente proporcional ó numero de núcleos que posúen os procesadores, prezo que se incrementa considerablemente por cada núcleo a maiores que se dispoña.
- O criterio non suxeito a xuízo de valor(sobre 3) do Lote 2: Renovación e ampliación do CPD municipal no seu punto 2.2 "Ampliación do numero de núcleos dos servidores ofertados" non ve alterada a puntuación outorgada á empresa adxudicataria, resultando igualmente unha puntuación de 6 puntos nese apartado.

Polo tanto, en aras da futura viabilidade de custes de mantemento e licenzas software, e estimando que a capacidade de procesamento é máis que suficiente con 10 núcleos por procesador **óptase por limitar a mellora presentada polo licitador INFORHOUSE, S.L DE 16 a 10 núcleos por procesador por consideralo máis axeitado** polos motivos expostos, e así se fará constar na formalización do contrato.

3º.-Designar ao Técnico Informático do Concello da Estrada D. Marcos Andújar Mato como responsable do contrato, ao abeiro do artigo 62.2 da LCSP, tal e como se recolle na cláusula 5 dos PCAP

4º.-A resolución da adxudicación notificarase aos licitadores, debendo de publicarse no Perfil do contratante no prazo de 15 días de conformidade co establecido no artigo 151.1 da LCSP.

5º.-O contrato formalizarase dentro dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se realice a notificación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artº 151 da LCSP, debendo de publicarse, o anuncio de formalización xunto co correspondente contrato, no Perfil do Contratante nun prazo non superior a 15 días tras o perfeccionamento do mesmo.

O ALCALDE,
(documento asinado dixitalmente á marxe)